

O profesor e catedrático Boaventura de Sousa abre a terceira xornada da Semana: “capitalismo, colonialismo e patriarcado, crearon a fronteira abisal que chega ata hoxe e divide quen é xente e quen é subhumano”

- *Sousa, que presentará hoxe o seu libro ás 19h. na Casa das Campás, sinalou que “non hai xenocidio sen epistemicido, sen a destrución do coñecemento”*

Pontevedra, 24 de abril de 2019.- Boaventura de Sousa Santos é Professor Catedrático Jubilado da Facultade de Economía da Universidade de Coimbra e Distinguished Legal Scholar da Facultade de Dereito da Universidade de Wisconsin-Madison e Global Legal Scholar da Universidade de Warwick. É igualmente Director do Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra; Coordinador Científico do Observatório Permanente da Justiça. Foi um dos fundadores da Facultade de Economía da Universidade de Coimbra em 1973.

Cunha morea de premios á súa traxectoria, ten publicados traballos sobre globalización, socioloxía do dereito, epistemoloxía, democracia e dereitos humanos traducidos ao inglés, italiano, francés, alemán, chino e español como é o caso do seu último título que presentará hoxe ás 19:00 horas na Casa das Campas: “Aprendizaxes globais: descolonizar, desmercantilizar e despatriarcalizar desde as Epistemoloxías do Sur”

Ao iniciar o seu relatorio o profesor apuntou o pracer de regresar á Semana logo de estar nunha das primeiras edicións e agradeceu a persistencia de mantela con vida e boa saúde ao longo de 36 anos.

Sousa comezou contextualizando o momento no que vivimos, “un tempo complexo e difícil. Vivimos nun lugar moi protexido do mundo: nós aquí tranquilamente e crianzas bombardeadas e mortas en Yemen e outros lugares. Debemos usar o privilexio desta protección para solidarizarnos e lembrar que igual a nosa protección no o é tanto. Temos conciencia de fragilidade ao vivir tranquilamente en Europa que é o continente, no século XX, máis violento do mundo. Ser humildes ao ver a violencia, ditadura e sufrimento de moita xente. E eu quero adicar esta palestra á xente que tende a ser esquecida neste ritmo loco do tempo que vivimos.”

Nunha retrospectiva, apuntou ao **S.XX en “Europa, que influenciaba a todo o mundo, cos seus modelos de transformación social: a revolución e o reformismo**, presentes e articulados sempre ao espello un do outro. A Guerra Fría foi una mestura de ambos.”

E continuou sinalando que **no S.XXI ningún destes modelos está na política. “O que está agora é o contrareformismo, ver quen corta máis o modelos sociais. Política non para para prometer tempos mellores, senón para axustarnos a tempos peores.”**

Sinalou que a sociedade vive no capitalismo e que **“se normalmente todo ten un comezo e un fin, non habería por que pensar que o capitalismo non o terá** pero os medios, as universidades, etc é o que ensinan. Os que pensaban na revolución no S.XX non contaban coa democracia, xa que naqueles tempos non estaba presente no imaxinario popular, era cousa de ricos. As mulleres expandiron a democracia co sufraxio e a democracia empezou a ter máis credibilidade. Chegou un momento no que aceptamos erróneamente a idea de que a democracia era compatible co capitalismo. A soberanía popular é que todos teñen voto pero no capitalismo a ganancia, o lucro, etc non contemplan esa soberanía.”

O dereito a educación, saúde, pensións, seguro contra o desemprego, foron promovidos por Bismark e nós, **herdamos unha democracia con moitos dereitos sociais, a social democracia, pero cando España e Portugal nela, xa está en crise. Unha crise que aumenta coa caída do muro de Berlín.** Comeza a crise dos dereitos sociais e co muro caeu tamén a idea de revolución. Desaparece o ideario revolucionario e a democracia comeza a perder ritmo. **Tivemos dereitos sociais na Europa porque había comunismo ao outro lado do muro de Berlín.**

Para falar das fronteiras, apuntou, “os valores, instrumentos da nosa sociedade, están tan globalizados que non coñecen fronteiras co capitalismo financeiro global e internet. Logo, segundo isto, vivimos nun mundo sen fronteiras, pero cheo de muros que non deixan de medrar. Vivimos nun mundo de ambos. De contradicións, pero isto pasa dende o S.XV. **As fronteiras son feitas por quen ten poder para as facer. Son un instrumento de xogo político e de manipulación da sociedade,** porque “entran na nosa alma, sentimento, formas de ser e vivir, e nos sentimos parte dunha fronteira que foi artificial. Esa contradición entre o facer e desfacer, do poder que crea e destrúe fronteiras vai a continuar ata os nosos tempos.. Aumenta a fronteira exterior, diminúe a fronteira interna”

O capitalismo, o colonialismo que nega a humanidade do outro e o patriarcado, crean a fronteira abisal que chega ata hoxe e divide quen é xente e quen é subhumano. ¿Pensan que en Europa consideramos plenamente humanos ás miles de persoas que morren no mar Mediterráneo, o mar de unión dos pobos a Idade Media

que agora é un cementerio líquido. Cando morren miles de crianzas no Yemen, eles non son xente. Non conseguimos dar igualdade á cidadadenía.”

Centrándose xa nas ‘Epistemoloxías do Sur’, das que fala no seu libro, considera que son o procedemento que busca validar os coñecementos nados na loita contra o capitalismo, colonialismo e patriarcado e afirma que “a crise de refuxiados é Europa asombrada do regreso dos colonizados. Campos de internamento, zonas de sacrificio. Son as fronteiras do noso tempo, expresión de que coa globalización dos fluxos, as fronteiras deixaron de ser contiguas.

Democracia mantense grazas ao **mercado dos valores que non teñen prezo** (ser de esquerda ou deiretas, por exemplo.) e o **económico dos valores con prezo**. Pero **pasa por unha crise e hai que reinventala**, porque cada vez máis e coa corrupción, ambos xirarán sobre o eixo económico e o concepto de que todo se pode comprar.

Apela como no seu libro á “descolonización, desmercantilización e despatriarcalización. Articular estas 3 loitas que son as fendas entre inclusión e exclusión **e descolonizar tamén a universidade**. “Contamos a historia dos vencedores, contada sempre polos vencedores. As **Epistemoloxías do Sur dan voz á xente que está na loita**. Normalmente os “vencidos non teñen voz”. Non hai xenocidio sen epistemicidio, sen a destrución do coñecemento.

Loitar pola liberdade (mobilidade) e a inmovilidade, o dereito a permancer na tú aterra. Esta é a contradicción do noso tempo.

Ao remate do relatorio, pasadas as 13:30h. o conxunto dos relatores/as da Semana e a Aula Castelao foron recibidos polo alcalde de Pontevedra e a concelleira Carme Fouces que destacaron a labor deste proxecto que achega ao poboación de Pontevedra importantes figuras para afondar sobre cuestións de importancia e actualidade como a situación que están a vivir os migrantes na actualidade.

.

Departamento prensa e comunicación.

Ana Buela 659748631 – prensa@aulacastelao.gal